


QUINTANA VIVA

XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE

BIBLIOTECA

120

GALEGA



CENTRO DE INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L.

La Voz de Galicia

Recóllese neste libriño un feixe de follas das que fun escribindo ao longo de medio século de laboría nos eidos, hoxe vizosos, das nosas letras. Son pequenas refendas, en prosa poética, encetadas con Os nenos, narracións do feitío que Castelao soubo axiña soerguer coma ninguén e nomear para sempre cousas.

Cando vin en Grial, en Galego 1, e outras benévolas escolmas algúns destes contiños meus, coidei que sería ben ir axuntando os que teñen meirande unidade e mellor espellan o xeito que tivemos os mozos dos anos vinte de enxergar o vivir galego.

Como un tamén é investigador, garda fondo recoñecemento para os que hoxe andan a escudriñar na fala e no estilo das xentes da miña xenia, fillos no espírito dunha impar rolda de verdadeiros mestres. E como ten agarimo para eses netos deles que son as crianzas que fixemos falar nas nosas obras, arela que queden xentes que queiran gozarse co que elas contan. A uns e a outros van endereitadas estas páxinas, coa lembranza chea de saudades, da boa xente que as inspirou e daqueles que deron alento para que fosen escritas.

I

OS NENOS

XENREIRA

Entre o pazo de Briáns e o de Brandobre, os Temes e os Mariños ergueran unha fonte, no adral da igrexa. Aquela fonte gurgullaba sempre, como a xenreira que se tiñan os Mariños e os Temes. As augas de Briáns non podían vir polos eidos de Brandobre, os bois de Brandobre non pasaban polas agras de Briáns. Os de Briáns e os de Brandobre xamais terían amizade.

Eu xogaba, senlleiro, no pazo de Brandobre; outro neno xogaba, senlleiro, no pazo de Briáns. Moitas veces, deitada a testa no peitoril das fronteiras solainas, fitámonos, longamente, degoirando axuntar os nosos xogos, como se mesturaban, saídas dos tornos, as augas cantareiras que, diante nós, brincaban. Mais... a fonte estaba alí, e un Temes non xogaríase cun Mariño sen aminguar as loitas da súa alcuña.

Tanto foi o anxeio que tivemos, de nenos, por arreluármonos que, chegados a idade, queimamos, no mesmo intre os pergameos apodrecidos das vellas contendas e xogamos xuntos.

Perdín eu. Dende entón, a auga de Briáns buliu nos agros de Brandobre, e os bois de Brandobre pouosa-

ron no seu andar nos veiros de Briáns, cun xeito de paz,
solemne e alteiroso.

CORPUS

A festa do Corpus é festa de vellos e festa de nenos; de vellos que senten señardade pola ledicia de pasados tempos, de nenos que non saben das coitas do tempo novo. A festa de Corpus é un alumear de sol, un repínico de campás e de gaitas, un paso triunfal de santos, un obrizo escintilar de seldros, de pendóns, de paramentos, de alfaias: rebumbio, troupelestróupele, “¡Chucurruchú!”

O Corpus é tamén o traxe do trinque, que ha ser o das festas todo o ano e que, no Corpus vindeiro, deixará o fondo da ucha para irse tornando logo roupa fea e cotiá.

Nunca sae un da casa tan ledo como aquela mañanciña de claro ceo en que, da man dos pais, anda polas rúas, ben lavado, ben peiteado, moi aquelado, ollando fachendoso para a xente, e procurando que o vexan. Séntese un máis home nas estreituras da estrea e deixa para os rapaces de mala crianza, para os que non sacan roupa nova, o costume de tapar a cara coas faldras da nai cando fala coa xente da vila.

Naquel día só agachaba a cara unha vez, e non vos era por vergoña, que era medo o que me daba. Xa sabe-

des do que falo. Todos o tivestes. Era na procesión. Pasaban os xigantes e os ananos, e eu ríame; pasaba San Telmo co seu trincado e San Roque co canciño e Santa Lucía cos ollos no prato e San Mauro lendo no seu libro e San Cristovo co Neno no ombreiro e San Xulián co paxaro na man... e eu estaba desaparuxado co bambeñar das coroas e co seu paso, tan xeitosiño... mais en chegando San Miguel, unha estragueira, e ¡adeus! Esquencía o traxe novo, a festa, as lambiscadas e todo, veña chorar, berra que berrarás, agachándome tras da miña nai. Xa non vía máis da procesión.

Ano por ano, fun arriscándome a abesullalo un pouquiño, sen que o demo se decatase e me mirase a min. A poucos, fun coñecéndoo. Era como hoxe, roxo, con poutas mouras, rabiño ergueito, dentes brancos e cornos.

Un día, ao velo tan feo, boteime a rir. Agora, cando o vexo dáme tristura de non terlle xa medo.

OS XOGOS

Daquela eu vivía nunha casoupa da Conga, aínda non tiña dez anos, era pobre, moi pobre, morrera o meu pai e a miña nai era lavandeira.

Na Quintana xogaba a cotío, rebuldeiro, cos meus amigos. Un era Xilo de Pitelos, un rapaz branco e estagado, un pouco nugallán, pero moi bo, que coñecera na escola da Algalia. Outro era Gorecho, de San Francisco, mouro, croncho e moufeiro, un bragalloas a quen por vez primeira falara no río do Cuartel. O outro chamábase Lelo e era un saloio da banda do Sar.

Mais eu tiña outro amigo, feituquiño, loiro, asallosso, chamábanlle Fis Airas e Sanches de Ulloa e vivía nun pazo da rúa do Vilar. Endexamais souben porque fora meu amigo nin porque eu o fora del. Todos os seráns, cando os ferrollos do reloxo da Catedral encozaban a renxer para dar as bateladas das tres, Fis e a súa ama cun feixe de xoguetes subían as escadas da Pratería. Todos os seráns cando o sino do coro tanxía Vésperas, Fis coa súa ama e o feixe de xoguetes saía pola Conga abaixo.

Na envexa con que eu ollaba para Fis agachábase un fondo desprezo. Fis era rico, tiña unha roupa albeira

e cariñenta, tiña xoguetes, mais non choutaría dun brinco sete escadas, nin gabearía, coma min, por un pexegueiro. No desprezo con que Fis ollaba para min, gardábase unha tola envexa, eu era un rachado, un brégoles, un borrallento, mais... xogaba na praza ata que saían os cóngos, en troques que el íase cando entraban.

Un día fuxiu da súa ama e chegándose a min preguntoume:

—“Y tú, ¿te quedas aquí mucho tiempo jugando cuando me marchó?”

Eu estaba cheo de vergoña. Non sabía falar cun neno da vila.

—¿E ti para que queres sabelo?

—Direiche, é para saber se a sombra da Catedral cobre aquela laxe.

—Cando hai sol cóbrea, e aínda chega ata acolá adiante.

¿E ti vela chegar porque non das lección coa francesa?

—Non, señor, ¿que vou dar!

O neno da vila mordeu os labios, aqueles beizos pequerrechiños que tiña, e sorriu tristeiramente. ¡Era triste, moi triste dar lección coa francesa!

Aquel serán Xito, Gorecho e Lelo riron de min a cachón porque falara cun neno rico e a ama de Fis berroulle por falar cun neno pobre.

Desde entón, sen saber por qué nin por qué non, xuntos pola desgracia, Fis e eu fomos amigos.

VINGANZA

Meu pai tróuxome un trompo de Santiago; o pai de Chisco mercoulle un pito na feira de Bandeira. Chisco e mais eu non podíamos andar a ben. Un serán, Chisco rachou dun coco o meu pandiote pola curucha e a miña man crebou o pito que Chisco levaba nos labios. Ao saír da escola rifamos carraxentos. Chisco caritou-me; veu meu pai e mallou en Chisco. Aquela noite porque Chisco tiña un pito e eu un trompo caeu morto meu pai, cabo da Bubeleira.

O POMAR

Bo coma poucos e brandido era o pomariño do meu avó. Na terra alongada de Cons, entremedio dos milleiros e das viñas, o verde antigo do noso pomar ollábase de lonxe, e a sona dos seus froitos pasaba alén dos outos do Seixo e do Castrobe. Todo era de árbores vellas e escolleitas, cada unha tiña o seu nome e a súa historia. Era unha gloria cando as pólas florecían e cando, cargadas de froito, bicaban o chan. Nas noites de corisco e de treboada non se durmía na casa e unha póla esgazada entolecía ao meu avó coma a morte dun bacoriño.

Tiña nogueiras, e figueiras, e cerdeiras, e ameixeiras, e pexegueiros, mais o que daba xenio eran as pereiras e mais as maceiras. Había froita a correr, para nós, para o abade, para os señores, para os veciños, para os pobres... unha enchente, unha fartura. Endexamais do mundo vin froita coma aquela, tanta e tan clemente, tan doce, tan bonitiña.

Só me ten gorentado máis que aquela a da horta do Freixal. Para collela tiña que choutar balancadas de silveiras e toxos, tiña que fuxir diante do fungueiro ergueito do señor Ramiro, tiña que chorar logo cunhas boas azoutas da miña nai. De certo as periñas de San

Benito, que tiña o señor Ramiro no Freixal eran malas, insípidas, pequenas, mais ¡era tanta a fartura de urracas do noso pomar!

A MIÑA ESPAÑA

Aqueles primeiros anos da miña vida téñoos enfariñados todos de brétema como unha mañá de invernia e véxoo cal o chan dun regato por riba das augas brincadeiras. Daquela eu tiña xa as miñas ideas, gorentábame o sucre e doíanme as azoutas, mais non podía abranguer o que sería aquela cousela que chamaban “España”. Porque España era España, e eu non sabía a que poñer aquel nome. A carón meu falábase: España non ten cartos. España é grande. Pídeo España. Temos de salvar a España. Os castiñeiros de España. Os montes de España. As terras de España.

Eu primeiro coidei, que España era unha dona moi rica, que vivía moi lonxe e mandaba en todos nós, e ata cheguei a pedir me levasen a ver a España, coma se pedise ir ver á tía Catuxa de Brión. Mais conforme fun crescendo, España foi soterrándose, e fun vendo as cousas metidas na súa campá, cal os monecos nunha caixa de cartón. Porque me fun decatando de que chovía nela e de que alí vivía xente.

A derradeira coida que collín foi a de que eu tamén estaba alí e entón terminei por saber que era unha terra chamada así coma se se falase dos agros de Marzoa ou

do pazo de Medín. E eu entón ¡canto quixen a España!
Porque España tiña todo axeitado a min.

E foi o conto que meu pai tivo que ir a Madrid por
arranxar certos atafegos e levounos a miña nai e a min.
Fuxiu todo preto de nós e de alí a un día estabamos
onde non chovía e facía todo moito bruído. Alí non
había a miña casa, nin os meus castiñeiros, nin os meus
agros..., e din que debruzado no colo da miña nai,
berrei esbagullando.

—¡Eu quero tornar a España! ¡Eu quero tornar a
España!

O MAL

O escolante de Illobre viña todos os seráns deprenderme a doutrina para me ir confesar. Un día co gallo dos mandamentos preguntueille:

¿Don Xabiel que é fornicar?

Don Xabiel, aquel vello velliño bo e sabedor, que endexamais tivo segredos para min, que decote respondeu ás miñas demandas, olloume moito cos seus oliños pequeneiros e dixo dubidando:

—Fornicar... é escoitar o asubío dun paxaro estando nun sermón...

Aquela noite, cando don Xabiel falou cos meus pais, mamá estaba cavilosa e o meu pai riu ás gargalladas.

De alí a dous días houbo misión en Lamas, leváronme alá. O frade pregaba no adro subido ao chanzo do cruceiro. Miña nai puxo a súa cadeira baixo as pólas do castiñeiro vello. O frade falaba no cruceiro e no castiñeiro asubiaba un paxaro. Eu fuxía de oír ao paxaro e arelaba escoitar ao frade, mais tanto fuxín da cántiga que rematei pondo atención nela.

Así foi como eu cometín o meu primeiro pecado.

O BEN

Cando tiven dez anos a miña nai deixoume baixar a xogar ao adro da igrexa. Miña nai ficaba no sobrado ollando se me facía mal e chamábame se ía moi lonxe. Mais eu xamais fuxín moito, porque non sabía xogar ren, e ollaba soamente o que facían os outros. Iso gustáballes, pois cando xogaba, tiñan que perder para que gañase o neno do pazo e a cousa non tiña divertimento. En troques, para que fixera algo, facíanme xuíz das liortas que decote tiñan e dábanme a gardar as formas.

Alí xogaban Xunquiño de Lousame e Manuel o fillo de don Pedro. Xunquiño era moi cativoiro, un larafouciñas, pobre, moi bo. Manuel, un foupeiro de moito trasacordo, fillo de home ricaz, era ruín como o diaño. Xunquiño perdía case sempre, e Manuel gañaba, gañaba...

Manuel non sabía as formas que tiña. Xunquiño, ¡meu pobre!, sabía ben que só lle quedaban tres. Eu tiña na man dereita as de Manuel e na esquerda as de Xunquiño. Cando gañaba Manuel non lle quitaba ningunha a Xunquiño, cando gañaba Xunquiño, quitáballe dúas a Manuel.

Así foron as primeiras boas obras que eu fixen.

MEDO

Tiña eu nove anos. Meu irmán Breixo andaba no servizo e a miña irmá Minia ía na vila. Aquel día no xantar dixo meu pai:

—Morreu Fuco de Guldrís, temos de ir ao velatorio. Ti ¿queres ficar na casa ou vir connosco?

Eu, calar, calei como un peto, tiña medo de ver un morto e tamén tiña medo de ficar só na casa.

—Calas, queres ficar, ¿non si? —dixo a miña nai—. Xa sei que es un homiño arrufado coma os pitos e ardi-do máis que as voíñas...

Polo serán, tía Catuxa trouxo de Brión boas camoesas do seu pomar, Xan, o mozo de Fis de Lapido, fixo un bitoques no bocoi grande e Leixandre topou un niño de xílgaros no vieiro de Rañalonga. Eu andei, arreo, de zoco para cabazo, barallando e xogando os sete xogares, mais o peito apretábaseme forte, e cando ría a gargallada feríame os oídos con bruído de sarabia, e cando facía algunha baraxenia, baballaba. Argallara ardicia e tiña medo, moito medo.

Cando os meus pais saíron estiven moito tempo na porta do patín arrincando un cravo á tarabela da porta. Non sabía o que facía coas mans e dentro da testa buli-

gábanme moitas coidas. Era entre lusco e fusco e aínda había xente na estrada. Eu coidaba na Morte e no Fuco de Guldrís. Un morto sería unha cousa moura como a alma que de noite baixaba para o agro dos Cēpos, unha cousa branca cal o encanto que na noite de San Xoán ollou a dona de Tras de Outeiro, unha cousa témera cal a treboada que fai latexar as pedras, unha cousa fría cal a xeadada de xaneiro, unha cousa quente cal o fogo da lareira, unha cousa calada cal os alciprestes, unha cousa arrepiante cal os tumbos, cal os cadaleitos, cal as caliveras comestas de bechocos do cemiterio...

Por alí, por alí, pola corredoira da Forxa íase ao cemiterio. Eu fuxín para sentarme na porta do alpendre. ¡Os mortos! ¡Eu só! Tiña medo, medo, medo. Cara alí, cara alí caía Guldrís, e fuxín para o sobrado.

Eu non quería coidar nos mortos e fun chamando cousas paseniño ao meu maxín: A escola. As camoesas da tía Catuxa. Os xílgaros. Mais ¿que malfado terían as lembranzas aquela noite, que ían todas caer nas fochas do cemiterio?

A escola, que comezaba xa para o día de San Lucas, estaba preto do cemiteiro. O pomariño do crego tiña mellor froita que o da tía Catuxa, mais estaba á beira do cemiterio. Os xílgaros de Leixandre voaran para a banda do cemiterio.

¡Aí que demo de medo que me axexaba, que me arrepiaba, que me non deixaba vivir!

¿Deitarse? ¡E quen se deita habendo un morto en Guldrís e estando só na casa! Era xa noite e eu ficara ás escuras. Ás escuras non, na tebra, moura, fonda, había luz, e habíaa onde eu a ollaba. Luz morna, luz branca,

luz roxa de foguete, luz vermella de facha. Pechaba os ollos e a luz tiña corpo de morto, despechábaos e a brétema tiña ollos de morto, tornábame e o morto andaba tras de min.

O medo bambaneábame, facíame estarrecer, estaba frío, arrufiado.

Oio. ¿Quen bufaba? ¿Quen chora? ¿Quen berra alá baixo? Ren. E o vento nas árbores, os grilos da seara, o mesmo calar da noite que soa se se escoita.

Isto. Agora, agora é certo, si, alguén anda na cociña e reméxese, e boliga, e sobe as escadas, e colle polo pasadouro, e chega, e vén cara min. Aquí, aquí, trábame a man, babúxama. ¡O Morto! ¡Miña nai!

Era Circio, o meu can, ¡fuxira o medo!

DOENZA

A dor de estar doente ben vale o pracer de estar san. Cando un está malino todos os agarimos da casa son para un e ademais ;ten tan doces soños o delirio! Cando eu era pequeno sempre quixen estar doente para ser aloumiñado e para delirar. Porque cando un está san ten soños de pesadelo con mortos e estomballadas, ou soños de conto con meigas e encantos, ou soños de xogo, con nenos e paxaros. Mais cando se ten febre óllanse cousas doutro mundo que non é o noso nin o dos mortos. Lémbrome de pequeno adormecéndome arroupado, acochadiño, baixo o meigallo da dor; de súpeto, no mouro dos meus ollos, encomezaba a chou-tar unha comba marela, revirándose, devanadoira de lume; brincando, fervenza de fogo; pingando, trebón aceso; deitándose en augas loiras, chovendo, arreo, teimosa, paseniño, faíscas escintilantes e roxentes areas.

Os regatos que bolen decote, os curutos decote quedos, as pedras decote silandeiras, fálanme máis do que remata, que o recordo, bretemoso e inesquecible, do latexar teimoso da comba aquela diante dos meus ollos.

Olleina un *attimo* nos soños do delirio; só daquela cheguei a comprender o segredo impeitizo da comba,

leda ou triste, miña ou allea, que nas súas reviravoltas atoladoras tívome engaiolado moitos días, nun estraño pracer, namentres os meus pais, pé do leito, coidában-me ás voltas coa Morte.

Aínda hoxe, érgueseme nas costas o rabuñar dun arrefrío, cando matino, se aquela comba meiguenta, sería a Morte que, infirtosa, cercaba o meu berce de neno.

FESTAS

Todos os anos degoraba aquel día, todos os anos aquel día choraba. Polo vieiro do ano, choutaba de festa en festa a ledicia do meu peito novo aínda, e na festa grande, cando tiña de encomezar a choutar de novo, choraba sempre.

Diante min tiña todos os brinquedos, todas as languoadas que pedira, e aínda así choraba, porque chegara a telas. Foron dous, tres, catro anos de chorar na ledicia con saudade; deste xeito chegou un ano en que non tiveren xoguetes, e chorei na mágoa. Mais dígovos de certo, que nas miñas coitas tiña unha morna ledicia pola saudade dos tempos en que chorei sen ter por que chorar.

AVOA CLARA

¡Que leda lembranza aquela da miña avoa! Tiña o cabelo albeiro e acugulado cal un outeiro na xeada, tiña as meixelas albas de almafi tallado e as mans albas de albo veludo. Tiña un manto mouro, un libro e un rosario na man, e do brazo penduraba unha cadeira de tesoura. Esa é a lembranza que teño da miña avoa.

Mais este relembro ten máis ledicias que doas tiña o seu rosario de acibeche, máis contos que follas o seu libro, máis bicos que anos tiña a súa vella cadeira.

E anque me teña dado máis ledicias que rosas vermellas a roseira que ela plantou no pazo das Fragas, na casa dos meus pais, ¡que dolor, que dolor meirande, ten para min!

Porque se na miña casa falades da miña avoa logo vos dirán que eu mateina de neno. Decíanmo a min cando aínda non tiña dez anos e tíñame polo home máis ruín da terra.

Cando eu era pequeneiro coidaba que cando un chegaba aos oitenta anos tiña que morrer; dende que andou neles miña avoa, non facía máis que lle dicir:

—Miña avoa, eu quería que se non rematase este ano.

—¿E por que, meu filliño?

—Para que ti non morreses.

—¿E por que teño eu que morrer?

—Porque dixo papá que vas ter oitenta anos, e nos oitenta anos tes que morrer.

Tanta tristura lle din a miña avoa, que no día en que festexaban na casa o seu cumpreanos, morreu. Tal tristura deume a min, cando puideron decatarme do que fixera, que estiven preto de morrer tamén.

Velaquí a máis fonda tristura da miña vida de neno.

CANTIGA

Arestora, co recordo da avoíña venme outra lembranza, tristeira e lene, vagarosa, cal brétema de luz.

Eu fun un neno tristeiro. Endexamais rin a cachón, endexamais rebuldei, endexamais matinei ningunha trasnada. Non puiden ser malo endexamais.

Imaxínome tal que entón, na igrexa, o corpo quedo e o coidar lixeiro, ou adurmiñado baixo o cheirume do incenso e o besbellar das vellas, agardando o remate dos rezos, a reparar en cousas nas que ninguén reparou...

Un raro atraemento tivo para min a Catedral de Compostela. Decote, agardaba un verselo, non sei cal, das Vísperas. Era coma un laio longo, tristeiro, que a voz dun neno debullaba no coro, tremente, maina, paseniñamente...

Cando chegaba, engaiolábame no fío daquela cantiga, arrufiábaseme o cabelo, como enmeigado.

Nunca souben como se chamaba aquel neno. Era feble e tristeiro coma min. Moitas veces, tras da gradicela do coro —tensa como unha arpa— fitámonos calados.

Un día, o mundo, que é un mal alugueiro, levoume de Compostela. Cando tornei e fun á Catedral, abesu-

llei o coro para atopar a emoción antiga. Velalí estaban os escanos, os cantorais, os cóengos... o neno, non.

A Catedral sen el, xa non era a miña.

Crédeme, aquel neno a quen endexamais falei, co que non xoguei nunca, aquel do que non souben o nome nin a vida, aquel que quizais leve consigo a miña lembranza, foi a meirande amizade da miña vida de neno.

A NENA E A MONECA

Eu, de nena, tiña unha moneca, unha pepona con fazulas roxas de trebo florido e cabelo loiro de follato vello. Eu quería moito á miña moneca, a moneca boniteira que na feira de Santos trouxérame miña nai da vila. Eu tiña á miña moneca cal se fose a miña filliña pequena, tal que a miña nai tíñame a min. Porque a miña nai tíñame con moito agarimo, era boa cal o pan e aloumiñante como unha quentura tépeda de cacharela inverniza.

Un día houbo na miña casa berros e choros, ninguén se lembrou de min, e eu coa miña pepona acouguei no recanto máis rencunchadiño da lareira.

Tiña medo e no péito unha laxe moura, un verme roedeiro magoábame teimosamente.

Pola noite o meu pai debruzado na artesa choraba a fío, tía Catuxa de Brión foi deitarse no sobrado, Fis e mais Santa que rezaban besbexando, no pasadoiro, alongáronse, e a casa ficou toda calada.

Desde entón erguinme e coa miña moneca fun paseniño deica o leito da miña nai. O medo traboume a lingua. Decateime de que estaba no ataúde, tal que tiña ollado ao meu irmán, sendo máis pequena.

Esbagullando, coidei que a miña nai fuxía de min para máis non volver, sentín a friaxe de non poder chorar no seu colo e lembrando o tempo que tiña de estar soa, na campa do adral, ata que meu pai e eu fosemos topala, puxen no seu colo a miña moneca, a pepona roxa, a quen eu quería como a miña nai me quixera a min.

NOS MAIOS

Naquel mes dos maios tiven moita dolor. Os rapaces andaban a cantar, polas rúas, e o recender das roseiras entraba polas ventás do xardín. ¡Que tristura teñen as cántigas e os arumes nun mes de maio tan tristeiro cal o meu! Porque naquel mes levaron ao meu pai nun cadaleito mouro e os cregos deixaron chea a casa dos laios das súas cántigas e do arume do seu incenso.

Eu lémbrome ben de que cando foi o casamento da miña irmá fixen na eira casamento con Xilo e con Catuxa, e que cando foi o bautismo do seu necoriño cristianeí un moneco na fontenla do Areal, e que cando saíu Goros soldado fun soldado pola estrada do Castro... pero esta vez non xoguei a soterrar; estaba triste, moi triste de non ter xa pai.

Mais, vexo que minto, eu soterrar soterrei de neno a alguén. Lémbrome xa, foi ao meu xílgaro, moito despois, e aínda coído que fixen a súa campa baixo o recender dunha roseira e dixeran diante dela unha cántiga de pranto, a mesma que polas rúas cantaban os nenos, na mañá en que meu pai morrera:

*Este mes de maio
é o mes das flores
en que os paxariños
nos mostran os seus amores.*

A MORTE BRANCA

Aínda os mortos. O meu primeiro encontro coa morte. Lonxe dos medoñentos valados do camposanto, lonxe da tebra da noite e do silencio da soidade. O encontro coa morte, branca e queda, cun súpeto espanto que albeiga e mata ao mesmo medo.

Antes: O medo nocturno aos homes de pedra dos cadaleitos de San Francisco. O cheiro da mesa moura e dourada, na que un día xoguei á alturiña ata decatarme que estaba encol da mesa dos mortos. O sabor daquelas mazás que me deu a criada de doña Pepita e que ía eu comendo polo corredor cando vin a doña Pepita entre a luz das lampadiñas de aceite. A friaxe dos xeonllos ao saber que debaixo das laxes da igrexa, estaban vellos mortos apodrecidos. A zunidade, nas tardes de chuvia, da campañña do enterro que vai pola rúa. E a visión horrenda da páxina do “Tesoro del Artesano” que tiña pintado un esqueleto con todos os seus ósos. ¡Eu non lle tocaría por nada nin aos mortos, nin aos ósos dos mortos...! Pouco máis, pero nas conversas da “plazuela” fálase moito dos mortos.

—Hoxe ollei un que tiña un ollo aberto e outro pechado. Era o afogado de Estribela. Os peixes coméronlle as mans.

—¿E onde estaba?

—Nunha mesa.

—Mentireiro. Ollouno o Pantrigo; estaba na cama.

Ti non o viches.

—Pero ti tampouco miraches ao señor Benito, cando o colleu o tren.

—Nin ti, que inda non naceras.

—Pero contouno o meu pai...

Da man da miña tía percorría os longos pasadoiros do Hospicio —paredes roxentes polas frieiras invernizas, brancura fanada de mesas con hule, cheiro de caldeiradas mestas, camas en ringleira coma bancos de escola, roladas de cativos macios, monxas, amas de cría, e no cabán estreito dos berces, un recanto máis quente e máis soleado, nunha camiña limpa un rapaz loiro a durmir, floriñas vermellas no embozo, unha ama a dar o peito a outro neninho sentada nunha cadeira de palla: no clarín das cortinas raiolas de sol, todo cheo dunha brancura de fogar.

—Dálle un bico a este anxiño, meu rei, mira que bonitiño está, meu probe.

De súpeto, a friaxe dunhas meixelas na quentura dos beizos. Eu bicara a un neno morto, bicara a un morto, a un morto... pero non me gabaría diso cos rapaces da "plazuela".

O PASPALLÁS

Daquela tiña eu pechado na gaiola o paspallás que collera meu pai polo San Xoán entre os centeos dos agros de Sober.

A gaiola pendurábase todas as mañás na porta do sobrado. A carón dela, sentábase, na sombra do patín, a miña avoa, co argadelo, coa pateliña dos novelos e coas agullas da calceta. Subía eu as escalas, brincando, en tornando da escola, e topaba no patín, xuntos decote, os falares dicideiros, os contos e os soños con que a miña avoa quería librarse da prisión da vellez, e o chou-tar toleirón do paspallás, a lembrar libres voos. Xuntara eu xa no meu maxín á velliña e o paxaro. Cando bicaba á miña avoa, pasaba a man polas canas verdes da gaiola coma se o paspallás fose tamén ela.

O paspallás é, de seu, por novo que sexa, un paxaro vello. Ten a vellice das follas testas do outono, dos ermos de carqueixas. E coma as balocas, as nocas e as mazás reinetas, que non teñen a mocidade do caíño ou a ledicia de neno das cereixas e dos amorotes.

O malvís ten a voz chea, e asubía asisadamente, coma un home andado; o carrizo ten unha cantiga bulideira, coma o falar das mozas que fan bailada nos

soutos; o sirín ri coa gargallada rebuldeira dos picariños..., mais o paspallás é como unha matrícola viva, besbella como as vellas que gardan no rostro entallado de buxo un sorrir de rodicio. Quizais por eso, cando a miña avoa falaba con aqueles seus ditos de retesía, o paspallás poñíase a revoar na gaiola, magoando a testa nas canas, e cando a miña avoa acaroaba a testa no cabezal para durmir, tamén durmía no chan da gaiola o meu paspallás, don Rosende, como era alcumado por nós.

De mañá, cando o abrente do día clarexaba o sobrado, polas fendas das fiestras e das portas, don Rosende espertaba a casa co batelar da súa gorxa de madeira. Coidaba, ao mellor, nos merlos, nos carrizos e nas cotovías a rechonchiar no pomariño. Arelaba tornar aos agros de Sober. Tamén a miña avoa falaba a cotío dos seus anos mozos.

Aquel día de outono, a avoa non sentou no patín. No recanto do sobrado quedaron esquecidos co argadelo, os novelos e a calceta. Tamén quedou alí, por vez primeira, a gaiola do paspallás sen que ninguén a pendurara na porta.

A morte facíalle as voltas á miña avoa. Chegada a noite fixéronme deitar. Non durmín. Eu coidaba que, na morte, a vida fuxíanos do corpo co sangue.

Coa testa agachada baixo as sabas camiñei polas horas daquela noite medoñenta. Agardaba que a alma da miña avoa alumease as tebras, ao pasar, como un regueiro roxo. No abrente o paspallás encomezou a súa cántiga cotiá. Sentín que naquel intre morría ela. O paspallás seguía, teimoso, espertando o silencio co ren-

xer de campá choca da súa risada tesa e burlista. No sobrado troupelearon pasos. Calou o pasallás para sempre. Alguén entrou no meu cabán para levarme a bicar á avoíña morta. Tiña nas mans unhas pingotas de sangue.

II

ARTISTAS ALDEÁNS

FLORINDA A FOGUETEIRA

Lémbrome ben das casas que tiña o meu mundo de neno. En todas elas, menos na de Florinda a Fogueteira, cada cousa tiña o seu canto onde estar. É dicir, que o armario estaba entre as dúas ventás do sobrado, non saía de alí máis que cando había albaneis na casa e, ao movelo, deixaba na parede un claro que o tempo e a luz non tiñan luxado. E o do armario pasáballe á mesa, que tiña que estar no medio e medio da cociña, e á artesa, que estaba á beira do forno, e aos baldes, que estaban a carón do vertedeiro. Eu topaba todo esto tan axeitado como que a nosa casa estivese na estrada e a igrexa na Quintana do Castro. Por eso, cando se mudou a miña cama para o cabán de tío Xacinto, fíxose na miña vida un troque tan extraordinario que só ten comparanza co paso do “Camarada” ao “Deberes”. Por eso tamén, o ir á casa de Florinda a Fogueteira era un regalo para os ollos; aquela casa que era sempre unha casa nova, que nunca tiña as cousas no seu sitio, abría no maxín un porteliño cara a infinda variedade de casas que habería lonxe do meu mundo de neno.

Florinda a Fogueteira era unha fantasía. Ela dunhas veces tiña a cama no sobrado e o comedor na sala e

doutras a cama na sala e o comedor no sobrado. Ela dunhas veces tiña cama de ferro e doutras cama de piñeiro. Ela dunhas veces tiña cadros con santos e doutras pratos con flores. Ela dunhas veces tiña tazas e doutras veces cuncas. Recibíanos no xardín, na cocíña, na escaleira; sentabámonos en bancos, en cadeiras, en sofás; saíamos pola porta, polo patín, polo portelo. Dábame mazás, flores, bombóns. Ou botábame da casa a berros.

Eu cheguei a querer a Florinda con sinxelo namoramento de neno. Co seu traxe azul, co seu traxe roxo, co seu traxe branco...

Hoxe penso: ¿Que sería de Florinda a Fogueteira? Vería o cine, mercaría outra casa, embarcaría, casaría, descasaría, faríase do teatro... Quizais estea aínda na aldea facendo e desfacendo os altares dos santos.

O ORGANISTA DE IRIA

Ao organista de Iria, un músico vello de enterros e festas, bo bebedor, forte, roxo de moita sona en toda a terra de Padrón, viráraselle o sentido. Deixara o viño e as esmorgas, dera en se pechar polas noites na igrexa a tanxer no órgano cousas estrañas; subía ao campanario para adeprender aos mocións repiques novos, tiña longas conversas co gaiteiro de Isorna e saía cara os souteiros do río, no raiar da alba, cun feixe de papeis baixo do brazo. Sentira o proído de engaiolar unha cántiga que teimosamente se escoaba nos seus oídos e tendía a cotío o ichó para esligala como se fose un loiro paxariño.

Despois de moitos traballos, arriscouse a amosstrar canto levaba composto ao organista de Santiago. Saíu de Iria, polas oitavas de Nadal, cunha carta de presentación do Abade, con moitos papeis na alxibeira e o verme dun degoiro no peito. Nos seus oídos ecoábase aínda, con leda teimosía, o belido tema que topara e seguindo no maxín a súa obra —Op. I—, deténdose en cada acerto, á mañá do repaso que un fai do soño lonxano, deuse a cantalo, a cantalo namentres o tren repinicaba a muiñeira das costas e debullaba o alalá dos chans sobre o trémolo da paisaxe e o pedal azul do ceo.

(O crego cativiño e descoñecido que se sentara a par del en Osebe íao escoitando cos ollos pechados nas follas do breviario).

Nos altos da Catedral renxía o fol do órgano, barquín de forxa, e as mans do Organista de Santiago, mans afeitas a temperar o ferro roxente dos graves na agua xeadada dos agudos, afiaba os sons a circias marteladas. Embazábase o aire dunha sutil poeira, erguíase un mesto fumeiro... De súpeto é a nidia claridade da súa cántiga a que avesca o músico de Iria, envolta na néboa dunha fuga. O paxariño que el quixera esligar coas súas mans de labrego, afeitas a coller niños caera no ichó daquel creguiño descoñecido que cos ollos pechados nas follas non pasadas do breviario fora escoitando o seu cantar.

O organista de Iria xa non tentou falarlle. Con ollos embazados pola poeira das bágoas, coa gorxa atuída polo fumeiro dun salaio, estrizou os papeis e tornou aos enterros, ás festas, ao viño e ás esmorgas.

Na terra de Padrón díxose que os médicos de Santiago lle arrincaran do peito un verme. Tornáralle o sentido.

A MOZA QUE FAI FLORES

Esta é a rapariga macia que fai flores e le novelas. Flores azuis con mazaíñas moradas, flores verdes entre follas vermellas, flores mouras entre follas rosas. Novelas con homes de capa en rúas estreitas, novelas con señores de chisteira en ricos estrados, novelas con mozos de blusa en casas pobres. Esta é a rapariga loira que fai bordados con bolboretas e estrelas, a que sabe fiar mazarocas de contos e argallar trécolas, a que escaravella nas lembranzas e gabea polos soños.

Onde ela está, bole coma un rodicio a debandoira das conversas e trema, a estrelecer, o maxín das mozas. Por eso din que ten os miolos coma un mundo de azougue, onde andan con figuras estrañas todas as cousas.

Cando remate os libros do defunto avogado, encetarán os do crego, e cando remate os do crego, encomezará a súa novela. Namorarase dun estudante que pasa en Castromil. Irá a vivir a Santiago...

(Un bo día os alumnos de disección farán unha preparación de miocardio falando do Celta e do Deportivo).

O ZOQUEIRO DE PEDRE

Dende neno, o señor Manuel, o zoqueiro, dera en facer santos. Santos de vestir, ben entendido, testas e mans de buxo armadas en arcabuces de paos pintados de azul. A primeira Virxe das Dores que fixera vestíraa súa nai co pano sedán dun mantelo vello e aínda estaba posta encol da cómoda, coa lampadiña a arder diante. Os que a viran, daquela, gabaran moito a habelencia do zoqueiro e dixeran que, andando o tempo, había de tirarlle o choio ao torneiro de Folgoso. Outros andaran a falar que Manuel non era home para facer pernas, nin brazos, e que as caras as sacara dun libro que mercara na vila. Pero el calou e agardou o seu día.

Un domingo, na misa, o sancristán saíu cun peto das ánimas noviño feito polo zoqueiro. Todos fixeron soar nas alxibeiras os cartos para que o sancristán se achegara a eles e poder ollalo ao seu sabor. Pero moitos estaban de ánimas no peto. Armouse un bo rebumbio e o peto non volveu saír, pero o señor Manuel deprendera o segredo do oficio de santeiro.

Cando facía un santo novo para calquera parroquia, a xente daba en facerlle o comento ao rostro e a ver nel unha cara coñecida. Din que o propio Manuel

se retratara no San Tomé de Perdesoa e que o crego non llo quixera coller.

Agora, cando a súa sona estaba dándolle bos cartos, o crego trouxo de Santiago unha Virxe do Carme. O zoqueiro veu contarme a nova cos ollos embazados. Como un torno de lagar, a idea do seu creto perdido dálle volta nos miolos e o feito do crego é unha trabe que preme no bagazo do seu maxín. Vén bébedo co viño novo dunha súpeta decisión:

—Irei pola aldea dicindo ás mulleres a quen lles morreu algún fillo que o Neno Deus que estou facendo vai ter a cara do seu fillo cando era neno. Diante del pedirán por min..

O PERITO

Non hai na aldea ninguén máis torpe que o perito. Enguedella os pés ao baixar as escaleiras, non deixa terra sen tripar cando anda nunha leira sementada, pega co pé no ar ao arredar os cantullos do camiño. Ao abrir os sobres racha as cartas, non pode coller unha flor sen desfollala, quédase na man co tarabelo das portas, cando colle unha cadeira arríncalle o pao de riba. Entálase co pantrigo, váiselle a auga polo respiradeiro, tateixa ao falar. Non oe ben, anda sempre sumido en si, pero ten os seus consellos.

Non ten cans porque lle estrizan as flores; non ten xardín porque llo estrizarán os cans cando os teña. Non ten árbores porque dan sombra, nin millo porque leva dúas cavas, nin buxos porque crían caracois, nin viño porque custa o xofre.

Gústalle o pescado en branco, foxe dos purés, e do pan relado, e das frituras; non toma nunca chocolate.

Érguese cedo para aproveitar o tempo e déitase axiña para aforrar luz. Non quere ser rico por non ter preocupacións co diñeiro; nin gasta o diñeiro, por non quedar pobre.

Na súa casa, de ecos, como un portal de convento, o perito garda grandes mobles, baldeiros, feitos de casti-

ñeiro, para toda a eternidade. Un po nugallán, de arquivado, asenta nos pratos do vasar e nas garrafas da despensa. No verán, espértase a casa coa zunidade dos moscóns que monean contra as vidrazas pechadas; no inverno ledíciáanse os pisos co pingar maino das go-teiras.

Todos coidan na aldea que o perito, avaro e pescador de cana, matou para sempre os moscóns da súa alma e ten ben retellado o seu espírito contra toda a auga, boa e san, do alto. Pero eu penso que non: inventade unha historia e facede deste home vulgar un artista secreto, da aldea.

O EBANISTA

Na Rúa do Medio, encrequenada entre dúas casas altas, de moita galería, está a casa de don Tomás. Ten un baixo con porta e escaparate, e piso de dúas ventás. O escaparate ten cristaleira de catro vidros. Tras deles míranse: unha lámina grande, posta no fondo, con “Wellington en Waterloo”, outras dúas arrincadas dun Almanaque de la “Ilustración Española y Americana”, un gravado de Calcografía Nacional, tubiños de pinturas, cunchas de vieira con cores murchas de tempo... Ás veces, vese andar dentro a Don Tomás; mírase pola reganduxa que deixan o “Dous de Maio” e “Waterloo”. Don Tomás ten unha tertulia de vellos amigos e non deixa de darse un borde pola que teñen no “Eco” catedráticos, periodistas e rexentes de imprenta. E se ten que dicir o seu consello non deixa de escomenzar:

—Eu, como artista, diría...

Un día, na de don Tito Vázquez, escoiteille, enmendándolle un retrato:

—E póñelle aquí...

Cando caeu pregunteille ao mestre:

¿Don Tomás, élle pintor, non si?

Entón decateime de que co seu escaparate de láminas, cos seus consellos, cos seus pinceis, coas súas cunchas de vieira con vellas cores, don Tomás era un ebanista, un dos mellores carpinteiros da nosa vila.

A TENDEIRA

Rita de Breixo ten un bo pasar: trinta ferrados de sementeira, a devesa da Regueira e uns quiñóns no monte. Ten dúas vacas, tres porcos e moito avecío, viño para unha anada, millo para dez meses, patacas a correr... O fillo mándalle cartos; ela empétaos ben empetados para baixar logo á vila para metelos no Banco. Escasí, Rita de Breixo ten tenda. Tenda de todo, con taberna e con cartería: “Viños e comidas por Marcial Gómez (Viúva)”. Traballa, anda estarricada, non ten día de vagar, e perde, todos saben que perde moito no choio. Pero non o deixa; cando o deixe, morre. E, xa velliña, no mostrador, terma das mulleres que relean por un peso de unto ou por un carrete de cadeneta. Deféndese, latrica, fai contas, demostra, convence, aldraxa á regateira, berra, rifa,... pero ela vende o unto e o carrete, e cando colle os cartos, anque perda, ten a risada do boxeador que deixou K.O. ao contrario anque el quede coa dentamía desfeita. Porque Rita de Breixo non é tendeira nin taberneira, nin carteira, é... latricante. Latricar nunca foi un negocio, é unha arte. Emporiso podedes atopala aquí, entre os “artistas aldeáns”.

O “CANGUEIRO”

Chamábanlle o Cangueiro porque facía xugos repenicados e finos para vender na feira de San Marcos. Pasou a súa vida degoirando ter bois de seu. Encomezou a facerlles o mellor xugo de cantos saíran das súas mans. Tiña un Cristo no medio e medio, moi pintadiño, e dous anxos dos lados. Canga como ela nunca se vira. Logo foi achegando cartos para a xugada. Pero nunca chegou a velos xuntos. Sempre lle faltaba un pouco, e pensaba:

—Se eu vendese o meu xugo, tiña xa diñeiro cumprido para mercar os bois.

Aquel xugo ben tallado era máis seu que o anxeio dos bois... E morreu sen mercalos.

O VELLO QUE FOI “CODIO”

Este vello velliño que inda ten nas cores das fazulas un roxo de solpor outonizo, leva sempre os ollos perdidos na lonxanía dos relembrs. Dende esta altura dos seus setenta anos, albisca en néboas as torres de Santiago, clarexando ao lonxe, dende o coto de San Marcos. Alá queda, nas lembranzas quinceleiras, a súa estadía no Seminario.

O vello velliño, co seu lombo cangado de angueiras labregas, saca ás veces da arca dos fatelos novos de hai trinta anos e dos pesos amasados no traballo de tantos días, o vello breviario balorento dos seus anos mozos. Quere, rolando o argadelo das súas follas, libertarse en sonos da canle cotiá dos traballos e da roda dos tempos que pasan, coma se se enrotase de novo no decorrer das estacións litúrxicas. Nin entende xa os latíns, nin concorda as horas, nin os seus ollos poden deterse xa na miúda fasquía dos tipos helzevirianos, afeitos como están agora a seguir as liñas da decrúa ou a percurar os signos da choiva e dos ventos que van vir. Pero el deixa que os dedos, cepudos de termar do sacho, magoen as leviás follas. Así entretén o serán. E cando torna ás xeiras da terra é como un abade “de término” coidando, por vagar, das hortas do igrexario.

E nos ollos leonados leva o soño de que Deus inda ha querelo de sancristán naquela Misa Maior que sempre está no Erguer, e onde é unha campaiña cada estrela.

O CEGO

Este é o cego da Costa Nova. Vive, baixando á man esquerda, nunha casa sen fiestras e dunha soa porta sempre entornada. A casa semella talmente un alfolí de sal e a mesma costa ten un sabor salgado de venela mariñeira. No seu remate agardamos o cheiro acedo do peirao, o ventiño do mar e a lonxanía. Todas as rúas “de afora” de Santiago teñen o xeito dos pobos e as terras a onde miran. Son coma anacos de vilas distintas estas liñas de forza do cerne galego. A Rúa de San Pedro cheirenta a pantrigo e a casa de montana, Sar recendente a celeiro ullán, San Lourenzo co seu gran bosque, azul como un pinñeiral da Mahía, o Castiñeiriño coa súa poeira de Ponte ourensá...

O cego, coma esta vila de Compostela, ten tamén as rúas da súa alma afeitas ao cheiro de todas as vilas e á poeira de todos os camiños, alma de vello mariñeiro proída polo degoiro de lonxanías.

Coas mans, temóns ateitiñantes, tendidas baixo a moura chaira mariña dos seus ollos, o cego sabe dos baixos e dos bancos do mundo. É un Patrón de Mar e nos seus oídos ecóanse, como en furnas costeiras, os máis pequenos balbordos..

Perto dos ollos, fai chiar o seu violín de sons acedos —lembranzas de conto muiñeiro, de roiba acedume lostregante; noites de velatorio; esmorgas picareiras e tamén fames. Pero o cego, pródiga fasquía de mariñeiro, é o señor entre os mendiños. E o violín arneirado como un con de ribeira que ten o fino feitío dunha dorna de xoguete que arela asolagarse no mar, coa tilla chea de cunchas, co mastro ergueito e as cordas tensas a soar feridas polo arco do vento. Este vento que tamén é cego e ten alma de vello mariñeiro.

A MULLER DO CEGO

Sobre as ondas do mercado, érguese a vela do cartel do cego. No balbordo crecente das falas, óese teimosamente o violín que, como unha buguina, chama de lonxe. Por el oriéntanse os que van chegando. As patelas, os panos roxos e vermellos, as puchas negras seguen unha corrente deica o relanzo onde está o cego.

O pao con que a muller marca os momentos da historia é a única agulla nos reloxos do cartel. A xente párase e mira que hora da refenda é. Falta un cadro para o crime. Quédase.

¿Que hora é? O punteiro bate no cartel. O golpe soa coma o tiro do criminal, ou coma o chamar da xente na casa da morte, ou coma o machado do buxeo.

A muller do cego pregoa a historia coa voz con que pregoaban os cofrades pola alma dos que van a axustizar, e as moedas ao caeren no pratiño teñen un son tristeiro.

A historia, de tan certaia fai pensar que a muller do cego ou foi criminal ou vítima do crime. E no silencio, un silencio longo, que contan as bateladas do punteiro, a xente olla á súa cara e as caras do cartel.

Estas bateladas, a soar, con teimosía —cantar agoireiro de moucho— nos oídos da xente devalarán á noi-

te, xeando as conversas, polas máis estreitas fendas da alma. Un vedreiro contará outro crime, un crime inventado no desacougo da lembranza. O pintor maxinará un novo cartel, e o escribidor porase a inventar outro romance.

O PINTOR DOS CARTEIS DO CEGO

Os carteis dos cegos e mais os cadriños votivos píntanse na Rúa Travesa, número 27, a carón da casa da señora Petra a dos panos roxos na cabeza. O taller do pintor está no baixo. Ten un escaparate coma o dunha panadería, de marco branco e cristal enfariñado; dentro vese unha regalía dos ollos. O pintor expón as súas mellores obras: o galego do chaleco roxo; a galega da fonte; o San Pedro do traxe azul e mais un debuxo lineal copia dunha lámina de Cancela. O pintor ten vergonza de que a xente que vén da feira á misa das Ánimas vexa que pinta carteis de cego e os domingos, todos os domingos, dende hai vinte anos, ponse a facer que pinta nun estandarte de raso azul. Ás veces entran cregos novos a facerlle encargos, pero el non acepta:

—Fago esto por compromiso e levo moitos anos sen rematalo. Os artistas non podemos perder o tempo.

Outras veces veñen cegos a encargar carteis, e el fai-nos con certo segredo. Emporiso a resposta encomeza o mesmo:

—Fago esto por compromiso... Mais, en fin... o meu fillo pode encargarse dese choio.

O pintor cre que mente, pero é, de certo, o seu fillo quen fai o cartel. O seu fillo que andou na Económica, e sae nos periódicos. O pintor consólase pensando que o fillo despreza aquel traballo e pensa que sacrifica a arte para botarlle unha man na súa vellez. O que non sabe aínda é que os críticos das revistas de arte, con verbas moi requintadas, din que o fillo vai en procura dos temas da “España negra” e da técnica “naíf” aos carteis dos cegos e aconséllanlle que siga o seu devalar polas feiras das aldeas onde está, de certo, o segredo da súa arte.

O MATINEIRO

Chámanlle o “Matineiro”. É un home baixiño, cara miúda, mans gordechas, traxe mouro, leontina, andar apurado, voz feble...

Dá pasantía, anque non foi estudante, e axúdase escribindo as cartas de amor dos noivos e as historias de crimes dos cegos. Anque non amou nunca, nin nunca foi un criminal...

Non embargante... uns versíños seus poden determinar un casamento e quizais de escoitar algunha das súas historias teña xurdido un crime.

De feito, moitos se fixeran naquela bisbarra, seguindo o patrón do “crime de Guatemala”. Pero o máis terrible, é que o tal romance estivo a piques de dictar unha sentenza levando á forza a un home honrado: o Matineiro.

Se non veu ao Candorcio na escasula. A porta do Candorcio está fechada. Os rapaces da escola ventan a fresquío que se cheira pola ventá do patín da casa do Candorcio. E o Xulgado abre a porta e o cadáver balorento do Candorcio espanta á aldea. Despois, os xornais que veñen como se fosen papeis de cego, as fotos horrendas, os relatos, as cábalas... E un e outro día os civís e o xuíz, de zoco para cabazo.

No mercado, un romance de cego, un romance vello que todos acordan, o crime de Guatemala. Os tesouros do Perilla metidos no xergón, o sobriño do Perilla, a morte súpeta do Perilla. Salto do criminal pola ventá do patín, golpe certo na testa, remexedura do xergón, o criminal cunha vela polos recunchos da casa... O cinismo do criminal reclamando a herdanza... A teimosía do criminal porfiando inocencia. O estoicismo do criminal que morre, negando, inda mesmo na forca.

Repítese a historia. Fala un neno. E o Xulgado que atopa todo: a ventá, o golpe, o xergón remexido, as pingotas de cera... Ninguén reparou que a suposta historia do crime do Candorcio fixérase, liña a liña, polo "Crime de Guatemala".

Nin sequera o Matineiro, cando se presentou, moi teso, a reclamar, como o sobriño segundo, a herdanza do probe Candorcio. Para andar logo un ano gabeando polo piñeiro da Xustiza, nunha tráxica cucana, ensebada dabondo polo romance que el mesmo compuxera.

III

OBRADOIRO

O LABREGO

Na corga onde o río, ourelado dunha sebe de bidueiras e sanguíños, molla as mellores terras do val, o pazo fronteiro ao “recreo” dos cóngos abre as fiestras sobre o macio verdor dun pomariño vello.

Domingos tornou hai días de Compostela, moi envolto no seu fatelo de estudante, os ollos ateigados de miúdas palabras latinas, arelando deitarse, ceibo, a ollar a larganza dos agros; trae poucos libros e o degoiro de pousalos, ben pechados, nos caixóns da mesiña do cabán.

Pero hoxe topou unha noxenta soidade nas leiras, tornou á casa, e deuse a procurar un volume calquera, entre os papeis do tío, e velaquí un pequeno Virxilio que lle vai descubrir que os latíns son algo máis que textos gramaticais e que unha oración de relativo pode acubillar ledos pensamentos. O rapaz senta na ventá, co libriño: as verbas teñen ás veces ríxida luminosidade de abrente e lentura de terra labrantía; outras, envoltas en nobelos de brétema, son alleas, coma laxes de picoutos lonxanos. O latín solemne das cátedras, vestido de crego ou de escolante, trócase agora nun latín festeiro, adobiado coma unha moza labrega, rillote como un rapaz de cego.

De súpeto, na gándara das mitoloxías e dos alaudos, unha baraxenia de neno:

Incultisque rubens pendebit sentibus uva.

(Lembranzas dos curtos días de xogos, cando aínda andaba co Chisco e co Miguel. No cansazo dos seráns longos, cando o suor apega xa a roupa ao corpo e todos os xogos se cortan por pequenas tirapuxas, acaroarse ao peitoril da ponte a babilonear:

—E se agora os carballos deran uvas; e as noceiras, mazás; e as pedras, mel...)

Segue lendo e topa un novo florecer de tolemias:

*Mala ferant quercus, narcisso floreat almo,
Pingua corticibus sudent electra myricae.*

E pecha os ollos, a soñar troques en todas as cousas do mundo: nas árbores mesmas da pomarada a se mudar en esteos de pedra; nos centeos mainos, a camiñar como moitedumes; nas pedras vellas do pazo dos cóengos, a seren árbores. Isto si que estaba bonito: ¡que primavera florecida de ouricelos, que outono froitoso de pomas! Olla as fiestras cos nembros pendurados, coma pólas, de mazás camoesas e de peras urracas; e as lumieiras, tortas, coma carballos, cheas de pingas de orballo na follateira; e a espadaina da capela, zoando aos ventos como a frouma dun piñeiro.

Pola porta do pazo dos cóengos, rexa na súa lóxica vella, de cantería dos mazoneiros da Montaña, saíu don Xosé da Vega e Verdugo, a avanzou polos carreiros, con

andares de patricio romano, sen descompor o aquel adeprendido nas longas lecturas de Quintiliano. Co seu ollar, dilatado polas grandes arquitecturas, vén abranguendo toda a paisaxe, e no centro da paisaxe aquela ventaíña en que un estudante de crego soña, sobre un libro medio pechado. Agora, xa de perto, a ollada enfía o libriño que se pecha de todo, a man que se abre distraída, e a ponla dunha roseira que se creba, e uns circos que se abren no estanque do xardín, circos amplos e regulares, coma as grades dun anfiteatro. O cóengo avanza, silandeiro, entre as medras da mirta, espe o brazo feito para acenar estremas aos muros da Quintana, saca o libriño da auga, abanéao nas mans e fai que se remexan as follas, coma as las dun can recién bañado. Logo berra:

—¡Ai Domingos, Domingos!, que xa estás durmin-do. Esperta, home, así andan os latíns. En boa estima tes os libros que che deixou teu tío. Vaites, vaites, se fora o teu pai metíate a canteiro.

E pasou o tempo, e os días envolveron ao Domingos nunha historia moi longa que nin sei nin ten que ver co conto, e deixou os hábitos e meteuse canteiro, comezando por ser rapaz dos picos, na obra da Catedral. E don Xosé, o fabriqueiro, protexeuno, e cando chegou a oficial, sido que foi un dos mellores canteiros da nosa terra, nomeouno mestre de todas as obras de Santiago. E cando chegou a vello, ordenouse, e leu a Virxilio, e compuxo versos latinos. E foi el quen fixo medrar sobre o sartego do Apóstolo (ergueita como unha bidueira, a florecer narcisos; leda coma unha uveira, roxa de pomas; testa como un carballo a deitar

laranxas) aquela torre que, por garrida, chámase a Berenguela, que conta coma un reloxo de sol, as horas dos días e o devalar dos tempos sobre as pedras de Compostela e albisca o agromar dos pomares antergos e o florecer de todas as torres de Galicia, porque as súas pólas deron pugas para elas, e pode chamalas as súas fillas, coma a pereira vella do pazo ás pereiras noviñas que dela foran enxertadas.

O FOGUETEIRO

Dende a casiña do fogueteiro (prendida no ourizo cacheiro da montaña) vese agora de lonxe a Berenguela, a medrar aínda, baixo a man do Mestre.

O fogueteiro, que mestura, como a terra, celmes estraños que han florecer nas leiras do ceo, ten un fillo a quen lle tiran o latín e mais as letras. Sobre o lombo das terras que ouricela o gateño das urces, o pai e o fillo acércanse á nova torre: van cara o mosteiro de San Martiño, onde vai quedar o rapaz.

Xa marchou o pai, e calou o tanguido dos picos e dos sinos. O rapaz, abafado polas pedras da vila, deitouse canso no seu novo leito do mosteiro, entre outros mozos, vellos xa en Compostela. Desvélaos un gurgullar de fonte, dunha fonte alta e redonda que espelía a sombra do seu remate nas vidrazas do tramo.

A auga devala renxendo coma as madamitas das romaxes; as pingotas remexen o silencio, coma os sarelos de fogo da noite do Apóstolo. O anaco de ceo limpo que enmarcan os lenzos do claustro vaise tinguir de roxo, de marelo, de verde, con lonxanas bengalas escintilantes. A Compostela cincenta e mollada que acaba de topar é un pesadelo da noite, e agora, no sono, esperta-

rá na súa Compostela, na vila das festas acesa en luminarias e foguetes. Pero olla sempre a moura sombra das pedras da fonte sobre os vidros da ventá. E torna a durmir e a soñar cun gran folión de fogos que nin estalen nin se apaguen, de montantes que se deteñen a deitar quedos bagullas de ouro, de morteiros que guinden, a suspenderse no ar, boliñas de prata, de foguetes que pingan un calado orballo de estrelas, que o ar tépedo fixa no espacio. A gran festa da vila do Apóstolo, a florecer no silencio e no sosego da gándara. E torna a abrir os ollos sobre a vidraza que espella as pedras da fonte, e berra.

Vén un lego:

—¿Que che pasa rapaz?

E o mozo contesta entre soños:

—Quixera facer un foguete que non se apagase, unha roda de fogo que estivera queda e que non parara nunca.

A parvada do rapaz brinca de cama en cama polos tramos dos mozos, sobe ó raiar da alba as escaleiras dos frades, sae cos que van dicir misa en San Paio, e na Catedral.

Á noite houbo moita troula nos donados. Ao fillo do fogueteiro da Sionlla, que entrou onte no mosteiro, deulle por soñar cos foguetes e andaba a berrar que quería facer un que nunca se apagase, unha roda que estivese queda e sempre andase.

E o mestre dos canteiros da Catedral que se decatou, rindo, da baraxenia do rapaz, topa un día ao fogueteiro e dille:

—Mira, déixate de contos, o teu rapaz serve tanto para frade coma min; dálle pola fantasía, e soña tolemias. Méteo a canteiro que che vai ser mellor.

E o mozo, que non adiantaba na carreira, sempre a coidar nos foguetes e na gándara, saíu un día de San Martiño para traballar no Obradoiro da Catedral, ao lado do mestre da Berenguela.

E foi el, quen ergueu ao poente esta fachada de fogo que se chama o Obradoiro, acesa sempre nun lume de bengalas, onde os foguetes das torres, e as cóbregas das volutas, e os estrellóns dos remates, arden sen se queimar, deitando sempre ouros e roxos sobre a praza das festas.

O CARPINTEIRO

O pai traballaba nos grandes altares en que Casas e Novoa recollía a lucencia dos foguetes barrocos. O fillo sabía de abondo que ricas madeiras encubrían os pans de ouro. Todos os seus paseos pola vila ían prendendo os ollos na fartura de madeira que se fitaba: rexo castiñeiro, ben traballado, nas portas da Catedral; carballo fino das alfardas da casa dos Ulloas, noceira escura dos teitos de Fonseca, tecidos como os lambizos dunha manta farrapeira.

O mozo chegou a aborrecer o castiñeiro, o carballo e a noceira, e inda os seus soutos de aquecida sombra, de tanto escoitar da forza e da vellice das mellores madeiras da vila e comezou a desinquietalo un degoro de deixar as trechas e os bedanos para se meter no saber da medicina. Pero termaba del no oficio o gusto de albanar e o proído de lle levar a contra ao pai e mais ao mestre, dándolle a cada peza non o seu altor, como viña nas trazas, senón aquel que lle petaba.

Daquela chegou a Santiago don Diego de Ulloa cangadiño de libros, mercados en todas as tendas do mundo, cos ollos afiados de afondar nas proporcións de cada monumento e no lugar de cada pedra, degoirantes

do agarimo das miúdas orfebrerías e do vagar das alongadas loxias. E visitou o taller, no intre en que o mestre e o carpinteiro rifaban coma tolos co rapaz que teimaba de poñer sobre as columnas dun altar uns cabaquiños redondos sen emparrado.

O cóengo entrou na discusión e foi escoitado: falou da obra de Juvara e do tratado de Ruggieri e gabou a arte da madeira “coma unha orfebrería”. E aquí saltou o mozo:

—Unha orfebrería de xentes pobres e fachendiscas, que non teñen ouro e poñen unha pelica sobre as madeiras; que vostede, don Fernando, debera darlle noxo facelo, un bo canteiro metido a andar con estes taboleiros que por rexos que sexan logo apodrecen...

O cóengo fitou calado a aquel rapaz agudo, que se revoltaba contra o seu oficio; mentres don Fernando Casas lle dicía:

—Mira rapaz, non foras tan alporizado, nin tan imaxinativo, e eu che dixera aquilo que me botou a min un día don Xosé Verdugo, un cóengo aquí coma o señor Ulloa, non desprezando, e a quen non coñeciches: “Métete a canteiro”.

E pasaron algúns días e o novo cóengo mandou polo fillo do carpinteiro, para que lle arrombase unhas cousiñas que trouxera de Roma, e andoulle falando, mostroulle láminas grandes de fino gravado e libros pequeniños de fonda lectura, e fíxoo traballar no Obradoiro, e despois dalgún tempo, cando viu que labrara a pedra como denantes tallara a madeira, e que cismaba cos mestres porque quería poñer todo ao revés do que estaba, meteuno a dirixir obras.

Nas casas que el fixo, a sombra da Berenguela fai medrar ouricelos semellantes aos que medran polas árbores, nos soutos escuros. Emporiso as augas non magoan as arestas duras das pedras que tallou un cincel que fora trencha, e que alisou unha escoda que denantes fora guillame no taller dun carpinteiro.

O CANTEIRO

Din algúns que este mestre tivo un fillo (¡mágoa del, meu mozo!) que deprendeu o oficio, e dende neno soubo manexar como canteiro a maceta e os picos, escoller a boa pedra de gran, non salitrosa, nin pizarrenta, e poñer en cada parte da obra aquela clase que mellor lle aquecera. E o pai fóralle dando algúns choios e fixéraos de boa labra e mellor xeito.

Fixo unha casaña, como non hai outra na nosa terra, clara, limpa e da mellor pedra do Ulló (que a fora buscar ben lonxe), co seu patín e a súa solaina, todo sinxelo e sen arriveques: pedra encoira, onde o sol non xoga con estrañas tallas, nin as augas caen en fervenzas por grandes retallos; casa quente no inverno e no verán fría, amparada dos ventos, asollada á raxeira dos seráns do inverno, feita para domear os horizontes e para terminar das ventanías, onde cada cousa ten o seu canto e non puidera ter outro.

O mozo coñecía, coma os bois, a vida labrega, e coma o ferro a pedra de gran. Non era home lido, tiña gusto polas artes dos vedraños e sabía o posto de cadaquén dos seus devanceiros no xogo dos tempos. Pero entre todo o que en Compostela lle falaba da súa arte-

sanía, tiña en agarimo, cal se fora seu, aquel fastial do Paraíso, abafado polas novas obras, aquela portadiña, ordenada como unha xornada de traballo, que contaba a creación do mundo e a vida leda dos primeiros pais.

E un día en que tornou á vila, viu que os oficiais do taller do seu pai, andaban a desfacer o portal románico para ergueren unha nova fachada ao gusto de don Ventura Rodríguez. O mozo, ollando guindar as vellas pedras, estarreceu de espanto, comezou a falar sen siso, e fuxiu maldicindo a Compostela, cara ás terras altas onde as pedras cabaleiras compoñen fantásticas arquitecturas.

Din que morreu guindado polas estradas, falando sempre daquela Porta do Paraíso que desfizeran, a procurar entre os santeiros da aldea quen lle soubera poñer o corpo a unha cabeciña que collera no chan da Acibechería. Dáballe a tolemia por debuxar estrañas figuras nos areais e na poeira dos camiños, e mantíñase das codias que lle daban nas rectorais, onde pedía sempre anacos de papel, para debuxar unha nova porta para a igrexa do Señor Santiago, unha porta feita con grandes chantos, dispostos coma as ceibes penedás.

Na aldea onde morreu, o crego puxo sobre a cova a cabeciña románica que o antigo mestre canteiro traguía sempre consigo.

IV

OS NOMEANDEIROS

UN BAUTIZANTE

Cando o crego está dando a Comuñón, eu ando a bautizalos. É un dicir. O caso é que a cada un dos que comungan, cando lles acerco a pateliña ao colo, vou poñéndolles nomes, a cadaquén o que lle aquece: nomes grosos para a xente grosa, nomes finiños para a xente feble; nomes agarimosos para a xente boa; nomes rexoubeiros para os facetos; nomes vergoñentos para os que me noxan, que non son moitos, a Deus gracias. Non vos vou contar os nomes que escollo, porque non coñecedes aos homes nin ás mulleres que veñen a San Salvador, siareiros ou ventureiros, de aquí ou de afora. O malo é, que para min, aos de sempre, quédanlles os nomes que lles vou poñendo. E agora non me entendo. Porque vou e dígolle ao crego:

—De parte de dona Filomena que hoxe non pode vir a xunta...

—¿Que dona Filomena?

¿E como o convenzo eu de que a unha señora tan faituquiña non pode aquecerlle o nome cheo de prebe como o de Baldomera?

OUTRO

Axudaba a nacer aos vitelos, mesmo coma se herdase os libros do médico Piay, aquel meu parente, boísimo, que puido levar a solleira do “Parteiro Maior de Galicia”. Porque o señor Pedro traballaba coma se fose estudiado, e como se un xuvenco fose un neno, fóra a alma. Non era albeite, que era canteiro, pero as súas mans encaroladas de andar coas pedras tiñan moita habelencia para que se non malograra unha cría. E logo, aquela retesía que lle botaba á vaca, no verbo dos arxinas, coma se estivese a guindar unha lousa, tiña como adormecida...

Nunca quixo cobrar, nin collía regalos. Cobraba poñéndolle nome aos novelos.

—Pero, home, se eu quería que se chamase “Teixo”, non ves por que o é.

—Pois chámase “Cuxo”, e adeus, que para eso o axudei eu a ben nacer.

Moitos dos nomes que daba non dicían ren, eran nomes de tenreiros, máis nada. Daquela os bois ou as vacas quedaban con nome de pequenos para toda a vida: “Amallo”, “Boiato”, “Camón”, “Puxo”, “Quilo”.

—Tamén a min chamádesme Pedriño e paso xa dos sesenta.

O peor non foi na lumbrada dun vitelo, foi cando quixo que un porco levase o nome do señor Alcalde, porque era moi amigo seu.

A MENTIREIRA

Furou co dedo e tocou pedra. Seguiu furando e mollou auga. Furou máis e queimóuselle o dedo. Tomou moito medo e fuxiu con tanta présa que... rompeu a cabeceira da cama.

Doutra vez ía ela pola estrada, vén un pillabán e métese con ela. Vai ela e colle un cantullo e tirallo. E vai o cantullo e foxe que fuxirás, foise pola costa abaixo. Vai ela e corre para collelo. Velaí vén un automóbil detrás que vai collela. E o mozo detrás do automóbil. Arrédase ela e seguen o cantullo o automóbil e o mozo costa abaixo. No chan, párase o cantullo, tropeza nel o automóbil e esfachícase o mozo...

¡Outra vez... ela!

Polas mañás dos domingos tarda moito en se erguer. Está acochada na borralla mol e tépeda do soño. Coida que se ergue, que se viste, que se lava e ponse leda porque a nai vai vir dicirlle:

—Ai, miña filla, erguícheste hoxe moi cedo...

Pero a nai entra berrando porque segue no leito e ela ponse moi amouchada porque é unha inxustiza que lle berre porque segue no leito, cando xa coidara que se erguera. Quédalle inda o traballo de se tornar a erguer.

Ten degoiro polas cousas estreitas e recolleitas. Sén-tese ben arranxando o fondo do seu costureiro e poñendo os alfinetes e os carretes cadaquén no seu lugar. O alfineteiro era un avogado de gabardina moi apretada. Os carretes son uns vellos da aldea que non o querían porque el sacáballes as verbas para enfialas nas agullas dos preitos e coser os manteis da mesa en que el comía. Pero viña ela e quitáballe os preitos ao avogado e poñíase a coser na camisa que se estaba facendo.

A rapariga ponlle nomes ás flores e mais aos bordados. Chámalle “horto” ao cabán, chámalle “mesa” á cama, chámalle “ouricelo” ao chourizo. En algo ten que se divertir ela. ¿Ou que?

PUCARIÑOS

Puxeran na Exposición o remedo dunha telleira. Non tiña o frescor da adega terreña onde o rapaciño traballaba a cotío. Tampouco aquí traballaba de arxel, co pé espido na roda: calzárano e puxéranlle un fato novo, moi señorito. Pero el facía o seu mester coma se estivese en Bamio, co mirrar lonxano, e, rematada a peza, deixábaa na táboa, cun xeito litúrxico, de oferente. Ían saíndo, moldeadas da súa man, na pasta da cor do mel, púcaros, cuncas, oliñas... O canivete, sen férilas, engadía esas liñas que abundan para facerlle un espírito distinto a cada cousa. E a man, agarimando, era como unha beizón para elas.

—Póñolles nomes... Anque logo xa non as vexa máis e non poda chamalas por eles...

—¿Que nomes?

—Eu que sei: nomes de veciños, de lugares, de paxaros... e tamén do cine.

Fíxome rir o coidar que aquel cachirulo campaniforme puidera chamarse Sofía. Como se o adiviñase, levoume, de novo, a un tempo xurdio e lonxano:

—A unha oliña ben xeitosa heille poñer o nome da miña moza... cando a teña.

O ALCUMANTE

Do mesmo xeito que cada freguesía ten un seu cantaru-xeiro que fai as cantigas para os entroidos, os maios e as chocalladas, tamén hai en todo lugar un tal que pon os alcumes. Ninguén llo leva a mal, e inda non falta quen deixe encargado que lle poñan a nomeada na esquela cando morra:

—Debaixo daquelo de “El Señor don Francisco Rigueiro da Ponte”, enriba do RIP, poñedes, entre parénteses (Mixela).

—Pero, home, mira que ese é un remoquete moi feo.

—Primeiro que non vén a conto discutilo, porque non hei morrer tan cedo, e logo que non digo que faga bonito ou feo, eu son para todos o Mixela, dende que me lumbrou dese xeito o Alcumante, e Mixela hei ser de morto...

E no seu día, nas esquelas, baixo os nomes, vanse vendo no xornal “Chilgorro”, “Memelo”, “Calacú”, “Picheleiro”, “Xatevexo”, “Titiriti” e inda “Ricoporco” e “Papalandochas”, que todos foran sacados do maxín do Alcumante.

Deica o día en que, ao saírmos da misa, vai e dinos:

—Dende hoxe, chamádesme “Bautista”.

—Pero ho...

—Non, que eso do Alcumante foi posto por vós e non vou ser o único da parroquia que non leve unha boa lumbrada posta por min.

Ninguén lle fixo caso, e agora non pon alcuñas a ninguén.

ESO

—¡Ai, que cousa fea! ¿Como dis eso?

—¡Non digas eso, meu rei!

—Meu fillo, ¿quen che deprendeou eso?

—É pecado dicir eso.

¡Eso!

¿E como ía decirlle eu ao crego o pecado de “eso”?

Moitas verbas baleiras íanse enchendo co tempo, moitas que se entrevían, ás avesas, íanse esclarecendo, nese intre lusco e fusco do que se di e non se sabe e do que se sabe e non se di.

Logo, viñeron os amigos, os libros e... a vida. ¡Ao cabo, tanta verba chea e tanta cousa baleira!

MERCANDO

Moitas tendas téñense posto e téñense quitado, teñen trocado de choio, ou de dono, ou de lugar, dende os meus días de neno. Unha que falta no meu carreiro cotián de agora deixoume un baleiro que non podo encher nin levando aos netos a ollaren os pitiños que se miran polas vidreiras. Foi a “Cerería Paz Vidal”.

Para min, punteara os tempos na rolda do ano, como os xogos, as festas, as colleitas, as procesións, a escola...

Nos seus taboleiros estaba, dende o Advento a Nadal, o ledo xentío que bulía logo nos nosos Nacementos. Alí viñan os chafaricos de Reis. Alí as facecias do Entroido. Alí os santos de chumbo, os altariños na Coresma. E os galanos das Primeiras Comuñóns, dende a Pascua. E a vela que levamos no Corpus, rizada e con flores, que cada unha que caía derretida, mágoa dela. E logo aquela Peregrina tan feituca, dourada, que agora sei que era a máis vella da vila.

E coa lembranza do cereiro, e das señoras, e dos rapaces... a daquel meu compañeiro que poñía alcuñas ás figurañas, aos santos, aos bonecos, ás caretas, aos brincos, ás velas...

—Non teño cartos para mercalas, pero son miñas, porque lles poño nomes. E os nomes que eu lles poño non os sabe ninguén. Se os soubesen serían tamén deles.

—Pero non podes levalas.

—E que mais dá. Tampouco levas para a casa os amigos, a fonte, as árbores, nin o río, nin as gamelas... O que é de Deus, ten nome posto por Deus. A gamela leva o nome que lle pon o dono.

Non era súa toda a tenda, porque había nela tantísimas cousas que el non tiña nome para todas.

O BARBEIRO

El non tiña estudos. Canto sabía fórao collendo de orella na mesma barbería.

Dende pequeno redecía, por redecir, sen saber o senso certo do que falaba.

Ademais, éravos veceiro nos ditos. Quérese mostrar que collía unha verba e fartábase de dicila, días e días, logo deixábaa, e ao cabo dalgún tempo, remañecíalle, e volta con ela. Unhas durábanlle máis que outras; algunha quedoulle de por vida. Poño por caso, escoitou “jetatura”, colleulle lei, e andou recuncándoa toda a primavera e todo o outono, porque no verán chegara “anódino” que inzou moito no seu falar. Para el, “ter jetatura” era “ter algo”. ¿O que? O mesmo puido ser ter sorte, que ter diñeiro, ter sona ou ter vergonza, menos “mal de ollo”, o que se quixese. Como “anódino” foi para el mociño. Caíalle ben: “hoxe no cine non había máis que anódinos”. E do mesmo xeito “perihelio” e “medusa”: “perihelio” foille flor (“mandáralle un ramo de perihelios”) e “medusa”, candonga, como o supoñiades, é que algunha razón podía ter. Como era tan ben guiado nunca dixo de ninguén “fillo de medusa”; andoulle ás beiras o día en que un se atreveu a dicirlle que andaba mal de “léxico”...

Aínda máis que as verbas albiscadas entremedias, coma en neveiro, o que chamaba máis polo noso homiño eran as conversas longas en fala allea. Dende que chegou a “arradio”, el que se gababa de cortar tan ben o “castellano”, non poñía máis que estacións de lonxas terras. Entender, nadiña, pero ¡daba gloria oílas! Denantes, a súa mellor regalía era unha trinca de “grados” en San Martiño Pinarío ou dunha oposición na Catedral. Non perdía unha. E a abanear a cabeza, para si ou para non, segundo o que medio facía don Anxo, se facía algo.

Din que un día, saíndo dunhas oposicións de cóengo, don Anxo preguntoulle o seu consello. E o barbeiro, moi perenne, deullo de seguida:

—Moita tirantez de argumentos, don Anxo, moita tirantez...

¡MARELA!

Andaba a pastar vacas nos cobos das Xunqueiras. O choio non rendía e tivo que entrar de peón na fábrica. De peón pasou a torneiro, e de torneiro a mecánico, e agora é capitán dunha máquina enorme que vale moitos millóns e mesmo semella que ten alma.

Chámalle “¡Marela!” e fálalle como falaba ás vacas que baixaba ao río.

E cando encomeza a súa “xornada laboral”, porque agora é un produtor sindicado, pódese escoitar como lle di, ollándolle ben fixo aos controis:

—¡Marela! A ver como te portas hoxe...

OS GATOS

A vella señora tiña unha grea de gatos, de todas as xenias e fasquías. Endexamais deixou que a criada afo-gase as crías, e, por máis que era ben doce e gasalleira, pegoulle a unha moza que o facía.

A vella señora poñíalle nomes a todos os seus maiantes afillados. Xa teño dito, doutra vez, o reperto-rio dos alcumes, que era como unha cantiga de maldi- cer emprendiciada por Tátara, Vimaraña, Sandalique, Almaenpena... e rematada cos apelidos da xente que non quería ben.

¡Moitos gatiños ten regalado! Logo coidaba de saber que trato levaban, que comían, onde durmían e... con quen casaban, que non era moi doado sabelo. Todo vén a conto de que, cando a un destes gatiños presentados morriálles a nai ou o pai, se era de pai coñecido, a vella señora mandaba pola criada un laciño negro, moi posto, na súa caixiña, para que o gato fillo pui- dese andar de loito. Porque inda se garda o loito entre cristiáns.

O BEN DOS POBRES

Inda os pobres vestían de pobres e tiñan ditos requintados. Pedían con longas ladaíñas e nós tiñamos mágoa das súas laceiras e medo dos seus arrenegos. E cando bicaban a esmola, sabiamos que botaban unha beizón que valía pola do mellor crego. Eran os tempos dos “pobres de Deus”.

O tesouro dos pobres era a fala. Coxos, eivados, cegos que foran, a retesía das súas latricadas e o floreado das verbas eran a facenda que tiñan, unha facenda que se levaba en herdo, que se mercaba e inda, inda, quizais se alugase por tempo, como as cantigas dos mendiños da Porta Santa.

Os luns viñan pobres de pedir. E todo o día estábamos a escoitar as cantarelas que dicían. Viñan pobres que daba noxo velos, e pobres que era unha gloria escoitalos; uns louleaban, outros alporizábanse co que se lles adiantaba. Había pobres choqueiros, pobres ros-móns, ladrupas que luxaban co mirar a cativos con ollos de ver visións. E mais aquela velliña que sempre andaba a pregoar gabanzas donairosas:

—Ai que señoritiña tan simpática, Deus lle traia unha enchoiada máis doce que a trepezada das monxas.

—Aí que cativo de olliños reviretes, así me coma un grilo, que se eu tivese uns aniños menos...

Todos, todos eran pobres, mesquiños, arrancados.. pero todos tiñan un ben de Deus, o da fala. Para min, o pobre pobre, arregueixado, a quen debiamos esmola dobrada era o Mudo.

CANDO AS PEDRAS FALABAN

—Mire, Señor, se as bestas e os homes, se os outeiros, os regatos e as leiras teñen cadanseu nome, ¿como non han telo as pedras que un labra? Nome e fala. E digo eu que o “verbo” dos canteiros ha ter algo que ver cos ditos das pedras. Non se firen de que un as traballe, pero si de que non as poña no seu lugar ou de que as quebre. Porque a lumieira non pode ser penal; nin a anteira, forra. Nos pardiñeiros, nas muradelas caídas, nos cruceiros deitados no chan pódese escoitar o falar das pedras. E bos medos que teñen pasado algúns que, de noite, as triparan. E un escoitaren sen se entender, coma cousa doutro mundo. E que teña conta o que tira unha laxe dun bo lugar para darlle un oficio ruín. Sei de un que desfixo un altar e... Pero todo esto vén a conto de que elas teñen os seus nomes e non os que nós queiramos poñerlles, salvo que as labremos para algún destino cumprido. E que se chaman, por eles, unhas ás outras anque nós non sintamos nin o ruxido. E poida ser que aquel que fixo a entrada da Catedral de Santiago soubese os nomes das pedras. E por eso fóronlle tan ben guiadas, e mesmo están a falar. Anque esto xa son outros falares. Porque un santo labrado na pedra

ten dous nomes, o da pedra e mais o do santo. E alí mesmo haille unhas pedras figuradas en demos que non queren ser o que lles fixeron ser. Bueno, xa están embaixo e teñen enriba o que teñen, porque o que sabe, sabe...

OS NOMES DOS TESOUROS

A señora Rosario era nosa caseira na Corba. De certo os que a virades unha vez poderíades esquencela, tan miúda, tan encrequenada e como feita de raiganos que, xa de mirala, un dicía: é unha “sabia”. E érao.

Ela puidera ternos deixado un ben de verbos antigos, de refendas, de esconxuros e ladaíñas; negábase sempre, porque tiña a un tempo o pudor de non desagar o que non se sabe e de non descubrir o que se sabe ben. E porque tiña para si certa “doutrina do arcano”. Acrecéuselle dende o día en que eu fixen a babecada de emprincipiar a escribir os seus falares nunha libretiña. Lémbrome que tiña forros de hule negro, custárame unha peseta e... a súa confianza, porque non volvemos a ser amigos. E foi mágoa, porque as enfiadas non eran as dun pastequeiro calquera desas que veñen nos “ciprianillos”, séxase no moi devoto que din composto en Roma, e é catalán, nin no que trae os achados, imprentado na Alemaña e leva no remate os cento corenta e seis lugares onde poden atoparse tesouros no Reino de Galicia, comezando pola encrucillada de Lobios e a rematar na baixada de Valiña.

O conto é que a Señora Rosario sabía os desconxuros para coutar homes e gando, para tornar o tempo,

para escorrentar o abelurio e... para atopar os acubillos de ouro dos antergos.

Denantes de que eu sacara a libretiña do cartafol, chegara mesmo ás beiras de dicirme o seu segredo. Eu tiña por certo que non era un afreuticio dos de “terra todo o criarás e todo o comerás” senón unha verba, unha soa verba, e nome do Tesouro que, dito fai que veña a un de seu e se nos dea el a nós coma señores del. Xa emprincipiara:

—Ese é un encanto...

De súpeto, estarecera a “Vermella”, que por certo gañara o premio no primeiro concurso de gando, que dispuxera don Daniel; vai a vella a por dela, e xa non collemos o fío, porque volveu poñéndome unha adiviña que lle viñera aos miolos polo carreiro:

*Estudiante que estudias
a matrica todo o día...*

E eu díxenlle que xa a sabía, e que nin era a “matrica”, nin “todo o día”, que o que estudiaba era “Gramática e Teoloxía”. Levouno a mal, e ¡adeus!

E non sei se no arrepío da vaca e na argallada da adiviña non terían a súa parte os tesouros, que nin que ren que os incomoden nin poden ter lei aos que andan a furar a terra en procura de cachafallos antigos.

Todo esto vén a conto, porque eu, posto a cavilar, coidei que unha sabia das que xa non hai, fora pobre de pedir, e vivira como tan pobre, inda no tempo en que na nosa aldea había un bo pasar. E de como, sabendo a verba que abre os tesouros, ela nunca quixo usala para

si, podendo ter sido antaruxa de moito creto ou soerteira con cartos abondo. E digo eu que era tan sabia, tan sabia, que mesmo sabía que un tesouro pode ser un encanto e non un ben de Deus, e que a súa pobreza era máis leda que os cartos que podía apañar coas súas meiguices de vella sabedora.

A ESMOLA

¡Moitos nomes ten o río! En cada lugar por onde pasa, chámanlle do seu xeito. Aquí chámanlle Freiría, alí Fontaina, acolá Lambre; perto de Muíño Novo, dinlle Muíño Vello. Para uns é Rego, para outros Regato, para o escolante “Arroyo”. Inda teño escoitado Tomada, Porto, Xubiño, Canle, Perdelo... De pequecho eu dicía Regueiro, logo Río da Escola, de mozo Fonte Mulleres, ¡Madia leva ese fío de auga con tanto alcume!

E é que ás cousas todas do mundo pásalles o que aos homes, que uns teñen facendas cumpridas, algúns guedellos de máis, e moitos dentes que non rillan nin a semente. ¡Tanto quiloutro grande e pequeno que non ten nome! ¡Bo esmoleiro o que puidese darllo! Tan ledos os garouchiños de nada, os niquitates en que ningún repara, os nequereques sen alma que nin se miran nin se escoitan, famentos de se chamar algo, de ter un alcuño de seu. ¡Un nomiño para eles, polo amor de Deus!

O NOME DELA

Fora o meu amor de neno. Un amoriño devanceiro, imposible, alonxado un día na borralla dos anos. Fora o nidio querer que agroma denantes que a ventanía da vida traía deica nós tanta feitura, tanto engado, tanto degoiro... para que os chamemos con nome de amores.

Foise. E eu funlle fiel. A miña testemuña sería ben estraña:

—Non hei chamar co nome dela a ningunha rapaza que o leve.

E dende entón, ás que o levaban: ¡Escoita!, ¡Ti!, ¡Oe!, ¡Nena! Cantos xeitos de alcumalas, para non dicilo.

Coidaredes que o rompín por un novo namoro, un namoro na súa sazón. Nin por penso. Foi tamén de neno. Cunha amiguiña. Aquela cativa que tiña unha bicicleta. Fun pedirlle que ma emprestase. E chameina por aquel nome, que era tamén o nome dela. E digo unha “amiguiña” e non escribo aquí como se chamou aquel meu primeiro amor, por gardar sequera neste intre o voto que, por tan pouca cousa, quebrei enton.

O NOME VERDADEIRO

No bautismo puxéranche Xan, os teus pais chámanche Xancinño; as túas tías, Nito; o mestre, Juan, os amigos Coruxo. ¿Cal é o teu nome verdadeiro? ¡Pódenlle chamar a un de tantos xeitos! Cando non che saben o nome, veña: neno, rapaz, rapazolo, cativo, mozo, mocinño, chaval... como un para que veña o que pasa de lonxe, bérralle:

—Ei, vostede, aquel home...

¡Aquel home! Eu sería “aquel home”: Xan, Xancinño, Nito, Juan, Coruxo... e tamén Xan de Cibrán, Xan de Carmen, Xan o da Bouza... Eu iría ter logo tantos nomes como me foran poñendo as aldraxes e as loanzas.

“... foi chamado por Deus”. No día en que tal se diga, terase dito xa o meu nome, o meu verdadeiro nome, ese que non se escoita agora, senón, só, na hora da nosa morte.

ÍNDICE

I. OS NENOS

Xenreira	11
Corpus	13
Os xogos	15
Vinganza	17
O pomar	18
A miña España	20
O mal	22
O ben	23
Medo	24
Doenza	27
Festas	29
Avoa Clara	30
Cantiga	32
A nena e a moneca	34
Nos maios	36
A morte branca	38
O paspallás	40

II. ARTISTAS ALDEÁNS

Florinda a Fogueteira	45
O organista de Iria	47
A moza que fai flores	49
O zoqueiro de Pedre	50
O perito	52

O ebanista	54
A tendeira	56
O "Cangueiro"	57
O vello que foi "codio"	58
O cego	60
A muller do cego	62
O pintor dos carteis do cego	64
O matineiro	66

III. OBRADOIRO

O labrego	71
O fogueteiro	75
O carpinteiro	78
O canteiro	81

IV. OS NOMEANDEIROS

Un bautizante	85
Outro	86
A mentireira	88
Pucariños	90
O Alcumante	91
Eso	93
Mercando	94
O barbeiro	96
¡Marela!	98
Os gatos	99
O ben dos pobres	100
Cando as pedras falaban	102
Os nomes dos tesouros	104
A esmola	107
O nome dela	108
O nome verdadeiro	109

XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE (Pontevedra, 1906-1996) é un dos grandes homes de letras da Galicia contemporánea. Foi membro fundador do Seminario de Estudos Galegos, membro da Real Academia Galega, director do Museo de Pontevedra e presidente do Consello da Cultura Galega desde 1991 ata a súa morte. Filgueira foi home de múltiples saberes. A súa abundantísima e variada obra, que abrangue desde a creación literaria ata a erudición, o xornalismo e o ensaio, atópase espallada en innumerables publicacións e vai sendo recollida por Edicións do Castro na serie *Adral*, da que xa se editaron varios volumes.